
CAMPAMENTOS DEPORTIVOS 2018 - DEPUTACIÓN DA CORUÑA

A [Deputación da Coruña](#) organiza unha nova edición dos [Campamentos Deportivos 2018](#).

- Oza Cesuras ten adjudicadas **3 prazas** e correspóndelle a 2ª quenda, dende o **8 ao 13 de xullo**. A inscrición poderá formalizarse no concello ata o **15 de xuño**, poderase presentar presencialmente en calquera dos rexistros administrativos municipais (Lois, 33 – sede Oza- ou Forte Bragade, 1 – sede Cesuras -),

Información xeral:

- **Actividades e aloxamento:** Colexio Calvo Sotelo (Rúa Archer Milton Huntington, 24)
- **Incorporación:** o domingo pola tarde, entre as 18 horas e as 19 horas, no Centro Calvo Sotelo (rúa Archer Milton Huntington, 24 A Coruña)
- **Regreso:** o venres seguinte, tralo almorzo.
- **Destinatarios:** rapaces/zas de entre 9 a 14 anos, ambas idades incluídas, cumpridos no presente ano 2018.
- **Cota de inscrición:** 85,00€ (oitenta e cinco euros), que se ingresarán, unha vez se confirme a praza, na conta determinada pola Deputación da Coruña, facendo constar "Campamento Deportivo Deputación da Coruña 2018", ademais do nome do/a participante inscrito e concello ó que pertence.
- **Inclúe:** transporte interno, estadía e manutención en residencia, e todo gasto que ocasionen as actividades programadas.
- **Material:** o material propio das actividades deportivas (raquetas de tenis, balóns e chalecos salvavidas) entregaráselle a cada participante durante a celebración do campamento.
- Inscricións: no teu concello, antes do **15 de xuño de 2018** (realizarase o sorteo público, no caso de ser preciso, o día 19 de xuño de 2018 ás 12:00 horas)
- **Documentación:**
 - Ficha de inscrición debidamente cuberta e asinada polos pais ou titores do solicitante.
 - Foto tipo carné
 - Fotocopia tarxeta sanitaria
 - Fotocopia DNI ou libro de familia

No suposto de que o/a participante necesitara ter un tratamento específico ou doenza que deba terse en conta, xustificante médico asinado polo facultativo pertinente. **IMPORTANTE** facer constar as alerxias alimentarias ou de calquera outro tipo

- Os participantes teñen que estar empadroados no concello tendo preferencia os que non participasen no campamento deportivo da Deputación en edicións anteriores.

- **Máis información: 981792000 (Ext. 4)**